

Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 11. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFPR001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

RESPOSTA A DÚBIDAS FORMULADAS POLOS SOLICITANTES

Actualizado a 9 de setembro de 2024

Orde do 23 de xullo de 2024 (DOG núm. 155, do 12 de agosto de 2024), pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para accións formativas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro (código de procedemento PE610A)

DÚBIDAS REFERIDAS Á ENTIDADE SOLICITANTE E AOS/ÁS BENEFICIARIOS/AS DA FORMACIÓN

1. Na orde de axudas fálase de accións formativas dirixidas a "operadores" do sector pesqueiro, ¿a que se está refirindo exactamente? ¿quenes son os operadores do sector pesqueiro? ¿os traballadores por conta allea das confrarías poderíamos facer os cursos?

Comentábamos que dentro dos destinatarios das accións formativas "traballadores e operadores" abarcaba os titulados marítimo-pesqueiros e... ¿os traballadores/as que coticen ao Réxime do Mar?

O concepto "operadores do sector" está definido no documento Criterios de Selección para a concesión de xudas do FEMPA, segundo o artigo 4.1.30 Regulamento 1380/2013: é a persoa física ou xurídica que explota ou posúe unha empresa dedicada a unha actividade vinculada a calquera das fases das cadeas de produción, transformación, comercialización, distribución e venda ao por menor de produtos da pesca e da acuicultura.

No artigo 6.1. da orde indícase que poderán ser obxecto de subvención as accións formativas dirixidas a operadores e traballadores/as do sector pesqueiro, incluídos os/as traballadores/as por conta allea, os/as pescadores/as profesionais, os/as mariscadores/as a pé, e aos/ás profesionais de reparación de redes e aos seus cónxuxes, parellas de feito ou parellas estables, conforme o establecido no artigo 2.b) da Directiva 2010/41/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Segundo o anterior, os traballadores por conta allea das confrarías poderán facer os cursos sempre que:

- teñan algún tipo de ligazón co sector pesqueiro (mariscadores/a, pescadores/as profesionais, etc.), tal e como indica o artigo 6.1. da orde
- sexan cónxuxes, parellas de feito ou parellas estables (conforme o establecido no artigo 2.b) da Directiva 2010/41/UE do Parlamento Europeo e do Consello) dos mencionados anteriormente
- teñan o curso de mariñeiro pescador
- ou sexan traballadores/as por conta allea incluídos/as no réxime especial de traballadores do mar

Se tendes algunha dúbida no caso dalgún traballador en concreto, podedes comentalo e se mira ese caso particular.



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFP001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

2. Temos demanda de cursos do persoal en terra das entidades armadoras e descoñecemos se os/as podemos incluír no alumnado-obxectivo do proxecto formativo. ¿Como se acreditaría tal circunstancia? ¿Cunha vida laboral na que se evidencie a cotización ao REM?

Na presentación de solicitudes non é preciso xustificar esta circunstancia, pero de cara a unha auditoría ou control aleatorio das axudas pode ser que se solicite o cumprimento deste apartado. Mediante vida laboral, contrato laboral, tarxeta profesional, libreta de embarques, ou calquer outra documentación que acredite que pertence ao sector pesqueiro, pódese xustificar que cumpre os criterios para ser beneficiario das accións formativas.

3. ¿É posible incluír nas accións formativas traballadores/as con “mellora de emprego” no SEPE, é dicir, traballadores/as en desemprego buscando emprego no sector pesqueiro como tripulantes ou en terra? ¿Como se acreditaría tal circunstancia? ¿Con tarxeta de demandante de emprego e certificado da oficina de emprego coas profesións solicitadas?

Sí, é posible incluír traballadores en desemprego sen vinculación co sector pesqueiro que desexen acceder ao sector. Neste caso só poderán realizar o curso de mariñeiro pescador, segundo establece o artigo 6.1.b), que é o que está dirixido a todo tipo de persoas que se estean preparando para acceder ao sector.

Neste caso non é preciso presentar ningún tipo de documentación acreditativa, pois non é preciso que estén en situación de desemprego, ao curso de mariñeiro pescador pode acceder calquera persoa interesada.

4. E a última con relación aos destinatarios, ¿finalmente os cursos que teñan que ver coa reparación de redes unicamente poderán ser impartidos a profesionais de reparación de redes e aos seus cónxuxes? (apartado i do artigo 6.1)

As accións formativas orientadas á adquisición ou mellora de competencias en reparación e mantemento de redes e aparellos de pesca; á adquisición do certificado de profesionalidade e á dinamización e procura de novas alternativas de emprego, así como outras que poidan resultar de interese para os/as profesionais de reparación de redes **están dirixidas** aos/ás profesionais de reparación de redes e aos seus cónxuxes, parellas de feito ou parellas estables, conforme o establecido no artigo 2.b) da Directiva 2010/41/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

5. A miña duda é con respecto ás entidades beneficiarias, xa que na convocatoria publicada non me queda claro se unha asociación sen ánimo de lucro, como é a asociación Mulleres Salgadas, pode ser beneficiaria de estas axudas.

No artigo 4 da orde de axudas indícase que poderán ser beneficiarias das subvencións as confrarías de pescadores e as súas federacións, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións de profesionais de reparación de redes e as súas federacións, así como as demais asociacións de profesionais xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector, sempre que desenvolvan as súas actividades profesionais no sector pesqueiro e teñan a súa sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo que sempre que a asociación cumpra con estes requisitos pode ser beneficiaria, non é preciso que teña ánimo de lucro, só ten que pertencer ao sector e ter a sede en Galicia, tal e como se indica no artigo 4.

Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 11. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFPR001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

DÚBIDAS REFERIDAS AO MODELO A

1. Outra duda que teño: si se solicitan varios cursos que non teñen moita relación entre sí, se poden mandar varias memorias?

En resposta á pregunta, no artigo 13.1.d) indica que se presentará un **Modelo A: memoria do proxecto formativo**, que xustifique a necesidade da acción ou accións formativas solicitadas e que permita a valoración da viabilidade do proxecto. Cada acción formativa incluída no proxecto formativo entenderase como unha unidade susceptible de producir efectos independentes.

Segundo isto, só se debe prentar unha única memoria dentro da ca se incluírán todas as accións formativas que se inclúan no proxecto.

E no punto 2.3.- Actividades incluídas no proxecto --> 2.3.1.- Descrición das actividades, indícase que se fará un cadro para cada actividade do proxecto (de non ser suficiente o espazo previsto nos cadros, deberanse cubrir e enviar tantas páxinas de actividades como sexan necesarias). Polo que aquí se faría unha descrición de cada acción formativa diferente.

No resto de apartados pódese facer mención ás particularidades de cada acción formativa se se considera necesario.

DÚBIDAS REFERIDAS AO MODELO B

1. No punto 3.2.1. tampouco me queda claro se hai que poñer algo, ou xa chega coa presentación do modelo A

Pódese facer referencia á información contida no Modelo A presentado.

2. No punto 3.1.1 , ¿hai que ter obrigatoriamente algún punto? quero dicir, que si as actividades formativas, non inflúen en ningún dos aspectos medioambientais que se recollen na memoria, ¿xa non se valoraría o proxecto?

Os proxectos de formación enténdese que van ter polo menos un punto polo apartado de transferencia de coñecemento, divulgación e transmisión de resultados e datos, polo que si que se valoraría o proxecto. Logo a Comisión avaliará se contribúe tamén a algún dos outros apartados.

3. Por outro lado no modelo B, no punto 2.2 Contribución aos indicadores de resultado, ¿hai que poñer un número de participantes, ou poñer a quen se dirixen as actividades formativas?

O indicador de resultado de Formación *CR 08 Beneficiarios* refírese ao número de persoas que reciben a acción formativa concreta, é un número. Se hai varias accións formativas dentro dun proxecto haberá que indicar para cada acción o número de persoas que reciben a formación.



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 11. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFPR001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

DÚBIDAS REFERIDAS AOS GASTOS SUBVENCIONABLES

1. ¿As accións formativas referidas no art.6, apartado c,d,e,f,g,h pódense facer en teleformación?

Sí, poden ser en teleformación, cumprindo sempre os mecanismos de control de asistencia de cara á xustificación do artigo 30 da orde de axudas.

2. En teleformación o custo é o mesmo, é dicir 25 ó 30.-€. Por poñer un exemplo un curso de teleformación de 50 horas de Prevención de Riscos Laborais para 10 alumnos, o subvencionable sería $50 \times 25 = 1.250.-€$ ou a maiores o teño que multiplicar por eses 10 alumnos?

No artigo 7.c) indícase que para o resto dos cursos o máximo subvencionable será de 25 € por alumno/a e hora de duración da acción formativa, excepto nos cursos de competencias dixitais, en que o importe máximo subvencionable será de 30 € por alumno/a e hora de duración da acción formativa. Polo que o custo do curso do exemplo sería: 25euros/alumno/hora*10 alumnos*50 horas = 12.500 €.

3. Onde podemos consultar as empresas que están homologadas para realizar os cursos?, neste caso nos interesaría saber que empresas están homologadas para realizar os cursos de:

- Formación sanitaria específica inicial.
- Actualización de formación sanitaria específica inicial.

Para realizar esta formación debes preguntar no Instituto Social de la Marina, que son quen regulan o procedemento de homologación de centros privados para impartir cursos de formación sanitaria específica.

4. Por outra banda, teño unha dúbida con respecto ao 7% dos custos indirectos.

Na orde establece un límite subvencionable para cada curso, eu entendo que ese importe se refire ao curso, pero o 7% e a maiores, non? Sí. Ou está incluído nese límite?

No artigo 7.1.e) indícase que para o cálculo destes custos empregárase o método de financiamento a tipo fixo aplicando unha porcentaxe fixa do 7 % do gasto directo total subvencionable. Polo que o 7% sería sobre o custo do curso.

DÚBIDAS REFERIDAS Á VALORACIÓN DE SOLICITUDES

1. No art. 22.1 a) di "adecuación ao tipo de actividade" e o relaciona coa ficha nº 9. Neste caso, ¿a relación será co apartado "[Respecto al proyecto](#)" de tal ficha?

Non, refírese ao apartado "Tipo de Actividade" da Ficha nº 9: 1.1.9 Formación, polo que se outorgarán 2 puntos ás actividades de formación:

FICHA Nº 9 FORMACIÓN	
PRIORIDAD Y O.E.	Prioridad 1: Fomentar la pesca sostenible y la recuperación y conservación de los recursos biológicos acuáticos. Objetivo específico 1.1: Reforzar las actividades pesqueras que sean económica, social y medioambientalmente sostenibles.
TIPO DE ACTIVIDAD	1.1.9 Formación.
TIPO DE INTERVENCIÓN	2. Promover las condiciones para unos sectores de la pesca, la acuicultura y la transformación económicamente viables, competitivos y atractivos.
FINALIDAD	Adquirir nuevos conocimientos y capacidades que impulsen la competitividad del sector, el desarrollo profesional, mejores condiciones laborales, un uso más eficiente de los recursos y una mayor sensibilización y respeto hacia el medio.

[DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO](#)

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

T. 981 546 176

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFP001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

DÚBIDAS REFERIDAS Á PUBLICIDADE DO PROXECTO

1. -No art. 5 da Orde (Obrigas das entidades beneficiarias) coméntase que debemos ter en conta o [\[Regulamento%20UE%20nº%202021/1061\]Regulamento UE nº 2021/1061](#) en canto a visibilidade, información e comunicación xa que, en caso contrario o incumprimento suporía una diminución do 3% da subvención.


¿Onde o podemos descargar? (o que atopei non está relacionado con este asunto-ver hipervínculo anterior)

Para dar cumprimento aos apartados i) e j) do artigo 5.2 da orde, no seguinte enlace pódense descargar os logotipos da UE e como utilizalo:

<https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/fondos-europeos/fempa/comunicacion/>

Debedes ir ao apartado "**Logos, emblemas e identidade visual**" e "**Placas y carteles**". Ahí está toda a información relativa ao uso do emblema da Unión Europea para dar cumprimento a ditos apartados.

Lembrar que tamén é preciso incluír o logotipo da Xunta de Galicia tal e como se indica no apartado k) do mesmo artigo 5.2.





Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFPR001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



Logos, emblemas e identidade visual

Logos y emblemas UE

El emblema de la UE es la marca visual más importante que se utiliza para reconocer el origen y garantizar la visibilidad de la financiación de la UE. Todos los beneficiarios, autoridades de gestión y organismos intermedios de gestión (OIGs) de la UE deben utilizar el emblema de la UE en su comunicación para reconocer el apoyo recibido en el marco de los programas de la UE. Una obligación importante en este contexto es la exhibición correcta y destacada del emblema de la UE, en combinación con una simple declaración de financiación, que mencione el apoyo de la UE.

 [El uso del emblema europeo en el contexto de los programas de la UE 2021-2027](#)

 [Descarga logos "Financiado por la UE"](#)

 [Descarga logos "Cofinanciado por la UE"](#)

Identidad visual

Se establece una nueva identidad visual para la comunicación y difusión de los fondos estructurales y de inversión en España. Para el periodo de financiación 2021-2027 se lanza la nueva identidad de Fondos Europeos para aglutinar la imagen de los fondos europeos en España por primera vez. Esta iniciativa de unificar la imagen de los distintos fondos surge de las recomendaciones de comunicación de la Comisión Europea a las autoridades de gestión.

Se facilita el Manual de Identidad Visual y de los logos a utilizar para mantener una consistencia y coherencia en todas las comunicaciones.

[Manual de identidad visual](#)

[Recursos.zip](#)

Logos nacionales

[Logotipos gobierno de España](#)

[Logotipos MAPA](#)

Placas y carteles

[Cartelería plantilla FEMPA](#)

[Ejemplo cartelería FEMPA](#)